

ANDAINA “MARIOLAS DO XURÉS”

“LOBIOS”

O **Concello de Lobios** organiza o 22 de Xuño a II ANDAINA “MARIOLAS DO XURÉS” aproveitando eses grandes recursos naturais polo que decorre os APROXIMADAMENTE 20km da ANDAINA LONGA e APROXIMADAMENTE 15 da ANDAINA CURTA. Os Miradoiro da Piteira, a Área Recreativa de Esendelo, o Paseo Fluvial de Riocaldo, a Mansio romana “Aquis Ogeresibus”, a Ruta dos Muíños do Río Vilameá son algunhas das xoias que podemos atopar no percorrido da II ANDAINA MARIOLAS DO XURÉS sen contar outras moitas: a Escusalla, a Corga da Fecha, a Ruta da Mina das Sombras, etc, etc, coas que conta o noso **Concello de Lobios**.

REGULAMENTO

1.- XERAL:

Hora Saída: a partir das 9:30 H

Lugar: Diante da Casa do Concello (Estrada de Portugal, 27 – 32870 – LOBIOS – OURENSE). <https://maps.app.goo.gl/3cHAEUfMYA6eXzZi9>

Distancias:

Andaina Longa

- Aproximadamente 20 Km

Andaina Curta

- Aproximadamente 15 km

Inscrición:

O límite de prazas dispoñibles será de **250**. Será a través da plataforma www.Sportmaniacs.com . Aboarase 12€ indistintamente da modalidade elixida. A data límite para anotarse será o **martes 17 DE XUÑO as 12:00 H** ou **ata terminar prazas**.

Unha vez inscrito o participante non poderá realizar cambios na titularidade do dorsal nin cancelar o mesmo coa correspondente perda da inscrición.

Non serán admitidos participantes que non estean inscritos, ou participen sen dorsal, impedindo que teñan acceso a andaina na defensa dos dereitos dos regulamentariamente inscritos.

Participación:

Poderán participar os maiores de idade ou maiores de 16 anos sempre que vaian acompañados dun maior titor.

Cada participante debe ser consciente de que a súa condición física e a adecuada as características da proba, absténdose de participar ante calquera doenza, enfermidade ou outra condición que poña en perigo a súa integridade ou non lle permita rematar a proba.

A organización poderá retirar da proba a todo participante, que a xuízo das persoas que se encarguen do control da mesma, non se atopen en condicións idóneas para continuar.

Os participantes deberán levar en todo momento o dorsal a vista para facilitar o control do mesmo.

Recollida de dorsais. <https://maps.app.goo.gl/Cew7mudP4AaPzgUZ9>

Os dorsais poderanse recoller o **Venres día 20** de xuño na propia Casa do Concello dende as **10:00 ata as 13:00**, o **sábado día 21 en horario de 17:00 H a 19:00 H** ou o **propio día da proba** dende as **8:30 ata as 9:25 H**. Unha vez finalizado o tempo non se permitirá recoller dorsais polo que pedimos que sexamos responsables e respetuosos cos horarios para facilitar o desenrolo da proba.

- **Venres 21 de xuño de 10:00 / 13:00 na casa do Concello**
- **Sábado 21 de xuño de 17:00 / 19:00 H na Casa do Concello**
- **Domingo 23 de xuño de 8:30 / 9:25 diante da Casa do Concello**

2.- ZOA DE SAÍDA

A saída será grupal para ambas dúas Andainas as 9:30 H.

Punto de saída: <https://maps.app.goo.gl/Pp7vD7JntTvUtpi56>

3.- AGASALLOS

- Camisetas para os inscritos na Andaina. Avituallamento para tódolos participantes e comida conxunta unha vez finalizada a proba.

5.- SERVIZOS

- Entrega de dorsais. <https://maps.app.goo.gl/Cew7mudP4AaPzgUZ9>
- Avituallamento cada 5 Km aproximadamente, dependendo das condicións climatolóxicas.
- Vestiarios e duchas na Piscina Municipal.
<https://maps.app.goo.gl/EDxKDGDmxgpT7BjP7>
- Aparcamentos. <https://maps.app.goo.gl/nmesSj1o7wxufhg6>
- Entrega de agasallos.
- Música
- Comida conxunta ó fin de proba.
<https://maps.app.goo.gl/HZfauu3puC1L1C7i9>
- Seguro accidentes e R.C.

6.- SINALIZACIÓN E CONTROIS

- O percorrido estará sinalizado con cintas de alta visibilidade, carteis e sinais, sendo obrigatorio o paso por tódolos controis establecidos.
- Estará sinalizado o recorrido cada 300 m ou en puntos conflitivos

7.-AVITUALLAMENTOS

O longo do recorrido contaremos con varios puntos para retomar forza en momentos puntuais. Contaremos con avituallamentos líquidos (auga, bebidas isotónicas...) e sólidos (froita, frutos secos, barritas enerxéticas...)

Andaina Longa

- 1º avituallamento <https://maps.app.goo.gl/km7RzQLWwqhWCWo96>
- 2º avituallamento <https://maps.app.goo.gl/MedZwUmpacSzwRB5A>
- 3º avituallamento <https://maps.app.goo.gl/TFZjVkdXex9UnkNg7>
- 4º Avituallamento <https://maps.app.goo.gl/XsBotaoL9KXmqvoA9>

Andaina Curta

- 1º avituallamento <https://maps.app.goo.gl/km7RzQLWwqhWCWo96>
- 2º avituallamento <https://maps.app.goo.gl/MedZwUmpacSzwRB5A>
- 3º avituallamento <https://maps.app.goo.gl/XsBotaoL9KXmqvoA9>

Por respecto ao entorno **será obrigatorio depositar os restos de lixo en zonas habilitadas para tal fin.**

8- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- A organización reservase o dereito a realizar as modificacións que

considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas obrigan ou por forza maior. Os participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados.

- A organización declina toda responsabilidade no caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos de cada participante. Os participantes exoneran a organización de toda responsabilidade no caso de accidente ou lesión.

- A organización contará cos servizos de ambulancia, comunicación e emerxencia de protección civil, así como unha póliza de seguro de responsabilidade civil e de accidentes para cada un dos participantes de ambas probas.

- A organización non se fará responsable de ningunha lesión que teña que ver coa NON preparación física ou mental do asistente.

- Se en calquera momento da proba algún/ha participante se amosa canso ou sofre algunha lesión importante, debe comunicalo a calquera participante, o **teléfono de emerxencias - GES: 699382680** ou se é posible, achegarse ó control máis próximo.

- A inscrición conleva a autorización do uso da súa imaxe, a través de fotografías que se poidan sacar ao longo da andaina e que vaian ser publicadas en redes sociais ou medios de comunicación.

Por o feito de tomala saída, tódol@s participantes/as aceptan o presente regulamento.